

FÁBULAS DE ESOPPO

Versión de XOSÉ BALLESTEROS

Ilustracións de DANI PADRÓN

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 56 páx. 14 €.

ISBN 978-84-8464-405-7. Sete Leguas.

A cigarra pasaba o verán feliz e contenta, cantando sobre as follas das silveiras. Non comprendía por que a formiga traballaba arreo durante todo o día, baixo dos ardentes raios do sol, e pensaba: «Carrexar todo ese gran con esta calor. Que abafamento!».


[Fragmento de “A cigarra e a formiga”]

Hai máis de 2.500 anos que o escravo Esopo, un famoso personaxe da Grecia clásica, escribiu as súas fábulas, que foron documentadas por figuras senlleiras como o historiador Herodoto, o filósofo Platón e o comediógrafo Aristófanes. Desde entón, estas breves e exemplares historias protagonizadas principalmente por animais personificados que falan, foron difundíndose ao longo dos séculos en todas as linguas e por todo o mundo.

Este libro reúne unha selección dos textos máis coñecidos deste autor, presentados cun estilo narrativo actual e literario para que o público infantil se achegue ás fábulas na nosa lingua e manteña viva a memoria dun xénero que lle aportou moito á literatura galega e universal.

“A cigarra e a formiga”, “A leiteira” ou “A raposa e as uvas” son algúns dos relatos propostos, caracterizados pola finalidade didáctica e pola ensinanza ou o consello final, cos que advirten sobre as consecuencias dos comportamentos reprobables: preguiza, ambición, fachenda, mentira... que se poden contrapoñer con virtudes como o esforzo, a prudencia, a bondade ou a astucia.

Dani Padrón acompaña as fábulas con ilustracións de cores intensas e suaves texturas nas que destaca a expresividade dos personaxes; figuras esveltas e dinámicas que transmiten a retórica humorística e retranqueira dos contos.



■ **Temática:** historias breves e exemplares con ensinanza final.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** animais personificados; formación integral, cualidades e defectos humanos; do ilustrador de “[Pan de millo](#)” (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/fabulas-de-esopo-g>

Esopo

A historia máis difundida sobre as súas orixes sitúan o seu nacemento en Frixia (actual Turquía) arredor do 600 a.C. Cóntase que foi escravo de Xanto de Samos, que lle outorgou a liberdade, e que Cresos enviouno a Delfos para consultar o oráculo. Amolado pola cobiza dos habitantes da cidade, Esopo devolveulle ao rei as riquezas que tiña que repartir coa poboación. En vinganza, acusárono de roubar unha copa consagrada a Apolo e déronlle morte precipitándoo dende o alto dun penedo; unha acción da que se arrepentiron. O monxe Máximo Planudes publicou no século XIV unha semblanza da súa vida coas súas fábulas.

Dani Padrón

(Ourense, 1983)

Arquitecto pola ETSA da Coruña, chegou á ilustración a través da caricatura e do cómic. Dende 2011 suma máis dunha trintena de libros. Ten recibido, entre outros, os premios Pura e Dora Vázquez (2011), o Isaac Díaz Pardo (2014) e o International Latino Book Award (2016) na categoría de libro infantil. Participou na Bienal de Bratislava 2015.

<http://www.danipadron.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com